

## CB Aloxamento e lavandaría

Ciclo formativo básico		Duración
	<b>Perfil profesional</b>	<b>2.000 horas</b>
<b>Que se aprende a facer?</b>	Realizar con autonomía a limpeza e posta a punto das habitacións en aloxamentos turísticos ou doutra índole, e das súas áreas comúns, coidando o bo estado das instalacións e da moblaxe, así como realizar as operacións de clasificación, lavado e limpeza de artigos téxtiles en instalacións industriais, asistindo nos procesos de servizo e atención á clientela, seguindo os protocolos de calidade establecidos, cumprindo as normas de hixiene, prevención de riscos laborais e protección ambiental, con responsabilidade e iniciativa persoal e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.	
<b>Onde se realiza o traballo?</b>	Actividade habitualmente por conta allea en hoteis ou ou tro tipo de aloxamentos turísticos, e en residencias escolares, de maiores, sanitarias, etc., así como en empresas de servizos de atención a colectividades, e en lavandaría industriais e de proximidade.	
<b>En que postos de traballo?</b>	Camareiro/a de pisos, en establecementos de aloxamento turístico, en calquera tipoloxía, modalidade ou categoría; valet ou mozo/a de habitacións; auxiliar de pisos e limpeza; auxiliar de lavandaría e lenzaría en establecementos de aloxamento; operador/ora de máquinas lavadoras e secadoras de pezas; operador/ora de máquinas e equipamentos de pasada do ferro a pezas.	

	Módulos	Horas	Curso
<b>Cales son os módulos deste ciclo e os seus resultados de aprendizaxe?</b>	Lavado e secado de roupa	117	1º
	Materiais e produtos téxtiles	88	1º
	Pasada do ferro e embolsamento de roupa	116	1º
	Posta a punto de habitacións e zonas comúns en aloxamento	208	1º
	Ciencias aplicadas I	175	1º
	Comunicación e sociedade I	206	1º
	Atención á clientela	58	2º
	Lavandaría e mantemento de lenzaría no aloxamento	263	2º
	Preparación e montaxe de materiais para colectividades e catering	90	2º
	Ciencias aplicadas II	162	2º
	Comunicación e sociedade II	135	2º
	Formación en centros de traballo	320	2º

**Nota:** Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia. No primeiro curso dedicaranse 35 horas á titoría, e 27 horas no segundo curso

<b>Que título se obtén?</b>	Título profesional básico en Aloxamento e Lavandaría.
<b>A que outros estudos se pode acceder?</b>	<p>Este título permite o acceso a calquera ciclo formativo de grao medio e dá preferencia para a admisión, no caso de haber máis solicitudes que prazas, aos títulos de grao medio das familias profesionais de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Hostalaría e turismo</li> <li>• Imaxe persoal</li> <li>• Industrias alimentarias</li> </ul>

Para mais información sobre o currículo, consultar:

[http://www.edu.xunta.es/fp/sites/fp/files/fp/Curr%C3%ADculos/LOE/Hostalar%C3%ADa%20e%20turismo/anexo\\_1\\_7\\_aloxamento\\_lavandaria\\_gal.pdf](http://www.edu.xunta.es/fp/sites/fp/files/fp/Curr%C3%ADculos/LOE/Hostalar%C3%ADa%20e%20turismo/anexo_1_7_aloxamento_lavandaria_gal.pdf)